

# XXI CONCURSO ESCOLAR DE teatro lido

## "xóse manuel eirís"

Organiza:



## bases

Coa finalidade de promover o teatro entre a rapazada e de favorecer a súa iniciación á interpretación dramática, a Asociación Cultural Telón e Aparte e o Concello de Carballo, organizadores do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, coa colaboración do Grupo Voz convocan o **XXI Concurso Escolar de Teatro Lido "Xosé Manuel Eirís"**, de acordo coas seguintes bases:

### 1.- OBXECTO

É obxecto do presente Concurso contribuír á **iniciación na interpretación teatral a través da lectura dramatizada** e á recuperación do formato radiofónico proporcionándolle a unha selección de grupos de rapaces e/ou rapazas dos colexios e asociacións de Bergantiños a experiencia en estudos profesionais de radio.

### 2.-PARTICIPANTES

Poderán participar neste Concurso os grupos de entre 2 e 8 rapazas e rapaces dos colexios, institutos e asociacións de Bergantiños que realicen a súa inscrición de acordo coas seguintes bases. Os grupos poden estar dirixidos por un/ha profesor/a ou monitor/a.

### 3.-TEXTO

Cada grupo seleccionará previamente o fragmento do texto teatral que deseñe interpretar. **A representación deberá ter unha duración de entre 2 e 5 minutos**, e poderán ser descalificados os grupos que se excedan deste tempo. Os grupos poderán empregar os recursos sonoros que se consideren necesarios para que a dramatización do texto sexa realizado de maneira axeitada (efectos sonoros, música...).

A temática das obras será libre, sempre tendo en conta que **as obras están destinadas a tódolos públicos**.

### 4.- DESENVOLVEMENTO

-A responsable de cada grupo deberá enviar a solicitud de inscrición antes do 8 de outubro ao enderezo electrónico [fiot.teatro.lido@gmail.com](mailto:fiot.teatro.lido@gmail.com).

-Antes do 18 de outubro deberá enviar un arquivo de vídeo (en formato horizontal, a ser posible en MP4) coa gravación da lectura dramatizada realizada polo grupo, xunto coa declaración de obtención de autorización de participación e de uso da imaxe ao enderezo electrónico [fiot.teatro.lido@gmail.com](mailto:fiot.teatro.lido@gmail.com)

Confirmárselle a recepción e a súa inscrición no concurso por correo electrónico, de non recibir resposta comuníquese con nós no teléfono 981 704 300.

-Tras escoitar as gravacións un xurado seleccionará arredor de 12 grupos que terán a oportunidade de gravar a lectura dramatizada nos estudos profesionais de Radio Voz, os responsables dos grupos serán avisados pola organización e posteriormente Radio Voz coordinará con eles a data en que deberán acudir ás súas instalacións, en función da disponibilidade das mesmas, sitas na rúa Gran Vía número 84 - 1º de Carballo, para realizar a lectura dramática do texto escollido.

-O xurado escotará as gravacións realizadas en Radio Voz e escollerá aos finalistas do concurso.

-A Final, prevista para o 13 de novembro, realizarase no Pazo da Cultura de Carballo no transcurso dun acto no que, os grupos seleccionados volverán a representar o fragmento da súa obra ante o público e o xurado, que fará a resolución final do Concurso a partir da interpretación en directo, e entregará os premios aos grupos gañadores.

-Será requisito indispensable que os representantes de cada grupo declaren que obtiveron a autorización expresa da nai/pai ou tutor/a legal de todos os

integrantes do grupo autorizando a súa participación no concurso mediante a gravación do vídeo realizado así como o consentimento favorable á publicación do vídeo presentado, autorizando a súa difusión a través das redes sociais/web da organización do Certame e a autorización da súa emisión pola radio. Así como o consentimento favorable á cesión, publicación e/ou divulgación dos dereitos de imaxe, incluída a voz. A utilización dos textos e/ou música deberá cumplir coa normativa dos dereitos de autoría e as/os participantes na convocatoria son responsables do seu cumprimento e eximeßen á organización deste certame de calquera responsabilidade ao respecto, incluído calquera conflito de publicación ou utilización das obras presentadas e dos que puidera derivarse.

As/os participantes ostentarán e cederán á organización do Certame os dereitos de comunicación pública de forma indefinida. Neste sentido, os autores renuncian a favor da Asociación Cultural Telón e Aparte a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autoría.

A difusión e /ou reproducción da obra no marco do concurso non poderá lesionar a terceiros asumindo persoalmente o/a autor/a calquera responsabilidade que puidera derivarse.

### 5.- CATEGORÍAS E PREMIOS

Establécense dúas categorías diferenciadas, unha de educación infantil e educación primaria, e outra de educación secundaria. A atribución a cada categoría realizarase en función dos estudos que cursen a maioría dos integrantes do grupo.

Para cada categoría haberá dous premios que consistirán en libros e material didáctico, por un importe das seguintes cantidades:

#### Premios patrocinados por Librería Brañas

1ª Categoría: (grupos de nenos e nenas de EI e de EP)

**premio: 150 € | premio: 100 €**

2ª Categoría: (grupos de nenos e nenas de ESO, bacharelato ou CF de grao medio) **premio: 150 € | premio: 100 €**

### 6.- PRAZO E LUGAR DE INSCRICIÓN

O prazo de presentación da solicitude de inscrición remata o 8 de outubro e o da presentación dos vídeos remata o 18 de outubro. A inscrición deberá realizarse no enderezo electrónico [fiot.teatro.lido@gmail.com](mailto:fiot.teatro.lido@gmail.com) Confirmárselle a recepción e a súa inscrición no concurso por correo electrónico, de non recibir resposta comuníquese con nós no teléfono 981 704 300.

### 7.- XURADO

O xurado estará composto por membros da AC Telón e Aparte, do Grupo Voz, e persoas vinculadas ao teatro e ao ensino designadas por estas entidades. A decisión do xurado será irrecorrible.

A participación neste certame supón a plena aceptación das presentes bases.

Calquera incidencia non prevista nesta convocatoria será resolta polo xurado ou pola organización.

Carballo, 7 de setembro de 2021

Patrocina:



Deputación  
DA CORUÑA



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE CULTURA  
Y DEPORTE



INAEM  
INSTITUTO NACIONAL  
DE ARTE  
MUSICA Y  
CULTURA



Colabora:



# FICHA DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO XXI CONCURSO ESCOLAR DE TEATRO LIDO “XOSÉ MANUEL EIRÍS”

## DATOS DO GRUPO

NOME DO GRUPO

Nº DE MEMBROS (excluíndo o/a director/a)

CURSO ACADÉMICO E IDADES

CENTRO EDUCATIVO OU ASOCIATIVO AO QUE PERTENCEN

TELÉFONO DO CENTRO

ENDEREZO ELECTRÓNICO

DIRECTOR/A DO GRUPO OU PERSOA DE CONTACTO

TELÉFONO

ENDEREZO ELECTRÓNICO

## NOMES DOS INTEGRANTES DO GRUPO / IDADE

- |    |  |             |
|----|--|-------------|
| 1. |  | CURSO/IDADE |
| 2. |  | CURSO/IDADE |
| 3. |  | CURSO/IDADE |
| 4. |  | CURSO/IDADE |
| 5. |  | CURSO/IDADE |
| 6. |  | CURSO/IDADE |
| 7. |  | CURSO/IDADE |
| 8. |  | CURSO/IDADE |

## DATOS DO FRAGMENTO DA OBRA COA QUE SE CONCURSA

TÍTULO

EXTENSIÓN DA REPRESENTACIÓN (DURACIÓN DO VÍDEO)

AUTOR DO TEXTO

OBSERVACIÓNS